



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Piazza V. Portomene, 1 | 27500 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 62
E-mail: concello@carballedo.e.telefonica.net

DECRETO.

Asunto: Corrección erros proceso selectivo Auxiliar Administrativo de apoio á Secretaría-Intervención.

Vistas as bases que rexerán o proceso selectivo de referencia, no que se establece como titulación mínima esixida para a participación estar en posesión do Bacharelato, aprobadas por Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 29 de decembro de 2011

Visto o establecido no aptdo. C) do art. 135 do RD 781/86 e co art. 25 da Lei 30/1984, de 2 de agosto e o art. 76 do EBEP

Advertido erro material na denominación da natureza xurídica do contrato a realizar dado que constitúe unha contradicción o feito de que se poida contratar a un funcionario interino a tempo parcial para unha determinada función, e que o contrato obedece máis ben a outra tipoloxía contractual laboral como é a de obra ou servizo determinado (o cal é a confección do arquivo municipal, fundamentalmente), visto os documentos obrante no expediente (sen ir máis lonxe o acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2011

Vista a posibilidade de avocar a competencia no seu día delegada na Xunta de Goberno, unha vez xustificada a motivación e urxencia da avocación que ven significada pola necesidade do personal a seleccionar, segundo o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro RXPAC, en virtude do art. 75 da LBRL, **RESOLVO:**

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local.

Segundo: En virtude do art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de RXPAC corrixir a titulación esixida por "*Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de Primeiro, Segundo Grao, ou equivalente*", así como establecer como titulación superior a puntuar o Bacharelato no mesmo apartado de "*ciclo formativo de grao superior*"

Terceiro: En virtude do art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de RXPAC corrixir a natureza xurídica do contrato cuxa correcta denominación é "obra ou servizo determinado", tal e como consta no informe-proposta da Alcaldía, en todos os documentos do expediente onde se diga outra cousa.

Cuarto: Publicar este acordo no Taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal.

Quinto: Dar conta deste acordo na seguinte sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.

Carballedo, tres de xaneiro de 2012.

O alcalde

Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

A secretaria